

## Á Fiscalía de Medio Ambiente de Ourense

*Asociación Ecoloxista Coto do Frade, CIF G-32213456, e con enderezo a efectos de notificación no Apdo. de correos 32, 32400 Ribadavia, Ourense.*

### **Comparece e di:**

Que por medio do presente escrito presenta DENUNCIA contra **ENEL UNIÓN FENOSA RENOVABLES, S.A, Concellería de Medio Ambiente-Xunta de Galicia e Confederación Hidrográfica do Norte (hoxe en día do Miño-Sil)-Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado español** en base ós seguintes feitos:

Tras estudar detidamente a “MEMORIA DE CALIFICACIÓN AMBIENTAL DEL PROYECTO DE MEJORA DEL INTERIOR DEL EDIFICIO DE LA CENTRAL HIDROELÉCTRICA DEL RÍO CIERVES Y AUMENTO DEL CAUDAL” (Anexo III) presentada no mes de setembro de 2011 pola empresa Ecoener Ambiental a favor da concesionaria do aproveitamento, actualmente Enel Unión Fenosa Renovables, S.A., e que chegou as nosas mans vía correo electrónico a través da Federación Ecoloxista Galega, da cal esta asociación forma parte, chegamos a conclusión de que este aproveitamento, sito nos concellos de Melón e Ribadavia, é manifestamente ilegal.

Nun primeiro momento tratábase dunha contestación a consulta desde a Subdirección General de Evaluación Ambiental da D. General de Calidad y Evaluación Ambiental da Secretaría de Estado de Cambio Clímático, co seguinte texto:

*"Esta D.G recibiu, procedente de Confederación Hidrográfica do Miño-Sil a documentación ambiental do - proxecto Modificación de características do aproveitamento de auga de 2200L/S, no Río ciervas de melón e Ribadavia, con destino a produción de enerxía eléctrica. Central do Cieves. O texto refundido da Lei de Avaliación de impacto Ambiental preve no seu artigo 3.2.b) que os proxectos públicos ou privados consistentes na realización da obras comprendidas no Anexo II, así como calqueira proxecto non incluído no seu anexo I que poida afectar directa ou indirectamente ós espazos da Rede Natura 2000, deben ser avaliados polo órgano ambiental aos efectos de determinar con claridade as posibles afeccións e medidas correctoras aplicables ao mesmo, ou no seu caso, o sometemento ao procedemento de avaliación de impacto ambiental regulado na sección 1ª do capítulo II da Lei. Co fin de determinar si o proxecto debe someterse ou non ao procedemento de avaliación de impacto ambiental previsto na citada sección 1ª e segundo preve o artigo 17.1 do texto refundido citado, se lle consulta para que informe sobre si o proxecto pode causar impactos ambientais significativos, tendo en conta as medidas preventivas e correctoras que o promotor preve no seu documento ambiental. No caso de que na súa contestación si prevea a existencia de impactos significativos que non vaian ser evitados coas medidas propostas, lle rogo que no seu informe inclua tamén os seguintes extremos:*

*1) Si considera que ditos impactos poden ser evitados mediante algunha modificación do proxecto que, no seu caso, poidera presentar esta Dirección Xeral ao promotor.*

*2) Si o anterior non fose posible, ás súas consideracións sobre alcance e contidos específicos que debe incluír o estudo de impacto ambiental que se realice, sinalando o tipo e grao de detalle da información ambiental necesaria, así como calquera outra observación sobre outras posibles alternativas de actuación, informacións ou normas que deban ser consideradas polo promotor para á súa elaboración. Si o Ministerio de medio Ambiente e Medio Rural e Mariño finalmente determinase o somentemento do proxecto ao procedemento de avaliación de impacto ambiental, regulado na sección 1ª do capítulo II da Lei de Av. de Imp. Amb., coas suxestións recibidas, se considerará realizado o trámite a que se refire o artigo 8 da normativa citada.*

*Prazo: 30 días hábiles desde o 26 de setembro de 2011*

*Pregase que na contestación que dirixa a esta D.X. sinala que se trata dunha Contestación á consulta sobre o proxecto 20110261HID, modificación de características do aproveitamento de auga d 2200L/S, no río Cierves, no T.M. de melón e Ribadavia, con destino á produción de enerxía eléctrica do Cierves (Ourense), para facilitar á súa identificación e vinculación do expediente.”*

Así, esta asociación enviou esta contestación a consulta para someter esta ampliación de caudal concesional ó procedemento de avaliación de impacto ambiental, pedindo ademais que se fixese en toda a explotación e non só nas novas características a modificar (debido a que esta declaración de impacto ambiental nunca fora feita para esta instalación). Isto pediuse, principalmente e entre outras cousas, polas graves afeccións sobre flora e fauna prioritarias, protexidas e en perigo de extinción que se atopan en toda a zona referida, tal e como pode comprobarse nesta contestación a consulta e que pode lerse no anexo I que acompaña a esta denuncia.

Pero posteriormente, e facendo un análise máis polo miúdo da memoria do proxecto, nós dimos conta de que había un erro na páxina 27 da memoria relativa ós espazos protexidos que se atopan no río Cerves, algo que deixamos recollido no anexo II (ampliación á contestación) e que tamén enviamos a Subdirección General de Evaluación Ambiental da D. General de Calidad y Evaluación Ambiental da Secretaría de Estado de Cambio Clímático.

O que nós replicamos é que, segundo o novo Plan Hidrolóxico 2010-2015 para a conca Miño Sil, o río Cerves ten a cualificación de especial protección, definida esta como **especial protección medio ambiental** cuxos parámetros e definicións atópanse recollidos no **“CAPÍTULO 5: IDENTIFICACIÓN Y MAPAS DE LAS ZONAS PROTEGIDAS”** e as súas principais características inclúense no **“Anejo 4: Registro de Zonas Protegidas”** deste mesmo plan hidrolóxico.

Pero hai que ter en conta unha cousa, o novo plan hidrolóxico inda non está aprobado, polo tanto hai que rexerse polo anterior plan, o da Confederación Hidrográfica do Norte, aprobado polo **Real Decreto 1664/1998, de 24 de julio, por el que se aprueban los Planes Hidrológicos de cuenca**. Neste plan hidrolóxico, inda en vigor até que se aprobe o novo plan, **se recolle que o tramo de interese medio ambiental para o río Cerves vai dende o seu nacemento até á súa desembocadura no río Miño, sendo a súa figura de protección como de especial protección**

**medio ambiental.** Algo que tamén aparece recollido no borrador do novo Plan Hidrológico, pendente da súa aprobación final. Pero isto non é o importante.

O importante do caso é o seguinte, pero antes de explicalo cremos que deben observarse os antecedentes da explotación a que facemos referencia. Para iso pegamos os antecedentes que aparecen na memoria do novo proxecto de ampliación de caudal da minicentral e que se envían en soporte dixital, sendo considerados como un anexo máis (anexo III). **(Tódolos anexos se envían en soporte dixital, posto que este anexo III xa tiña que ser enviado neste soporte de cd pola masividade dos datos, dado o interese desta asociación en non empregar máis papel do debido, dado a nosa ética e conciencia no aforro de materiais. Agardamos que a fiscalía saiba comprendelo e non supoña ningún problema).**

## **1.1 ANTECEDENTES.**

*El día 1 de octubre de 1990, por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte, se otorgó a favor de UNIÓN ELÉCTRICA FENOSA, S.A. una concesión de aguas en el río Ciervas, en los términos municipales de Melón y Ribadavia, en la provincia de Ourense, con destino la producción de energía eléctrica.*

*A su vez, y también por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte, con fecha 5 de diciembre de 1997, se aprobó el proyecto constructivo del Aprovechamiento Hidroeléctrico en el río Ciervas. Por resolución de la Confederación Hidrográfica del Norte, con fecha 29 de junio de 1999, se modificaron algunas características de la concesión.*

**O Real Decreto 1664/1998, de 24 de julio, por el que se aprueban los Planes Hidrológicos de cuenca,** aprobouse nese ano (1998) porque había que incluír non só o plan Hidrológico do Norte -que é o que nos compete- senón o resto plantexados (Duero, Tajo, Guadiana, Guadalquivir, Segura, Júcar, Ebro e Sur). Pero o plan Hidrológico do Norte xa estaba feito en Decembro de 1997, xusto cando se aproba o proxecto construtivo do aproveitamento hidroeléctrico do río Cerves (a pesar de ser dada a súa concesión en 1990, a súa construción non estaba inda aprobada, co cal se podería botar atrás por motivos de protección medio ambiental, exactamente o que está pasando hoxe en día coas concesións hidroeléctricas dadas na época de Fraga e que o actual goberno Feijoo acaba de paralizar co novo Plan Hidrológico de Galicia-Costa, por considerar estes ríos sobre explotados, o mesmo que se espera que ocorra cos do Miño-Sil coa aprobación definitiva do novo Plan Hidrológico desta conca). Queda establecido ademais, como se recolle no **artigo 1** de dito **Real Decreto**, que o plan hidrológico do Norte xa fora informado favorablemente polo Consello de Auga da Conca o 29 de xuño de 1994.

A efectos puramente legais o proxecto construtivo do Aproveitamento Hidroeléctrico do río Cerves sería válido, dado que este proxecto é de 1997 e o Real Decreto que manifesta a protección ambiental do Cerves sae en 1998, como xa deixamos sinalado no parágrafo anterior. Sen embargo aquí existe unha inobservancia por parte da administración, que xa

cualificaba este río como de protección especial, **e que non se tivo en conta á hora de conceder a licenza** e que debería ser estudado, hoxe en día, polos organismos competentes. Porén o caso que queremos denunciar e que parece flagrantemente delictivo volve a non ser este, inda que volvemos reiterar que isto si debe ser estudado dado que **a nivel administrativo si tería recoñecido o seu valor como de especial protección**, algo que relatamos máis adiante.

O que nós parece máis grave é o seguinte. Como pode observarse nos antecedentes aparecidos na memoria do proxecto de ampliación, hoxe en día, das características da concesión (feito por Ecoener Ambiental a favor da concesionaria), por resolución da Confederación Hidrográfica do Norte, con data de 29 de xullo de 1999, modificáronse algunhas das características da concesión. Estas modificacións das características da concesión aparecen recollidas na páxina 26 do Anexo I que aquí presentamos. Aquí pode observarse como existe un cambio substancial nas características da concesión dadas inicialmente e do proxecto construtivo final, modificando todas as súas características: modifícase o azud, a súa altura e coroación, modifícase o canal de derivación de formigón por unha tubería de chapa de aceiro e modifícase a súa lonxitude, modifícase tamén o caudal de auga a derivar, a tubería forzada e a potencia da central. É dicir, modifícase todo, sendo ademais esta modificación moito máis agresiva ca inicialmente plantexada e cambiando todas as características iniciais da concesión, facendo un proxecto construtivo totalmente novo.

**É dicir, o 29 de xullo de 1999 apróbase un proxecto totalmente novo, co visto bo das diferentes administracións que parte xa do mes de xaneiro dese mesmo ano (páxina 26 anexo I)** -sen que se faga ademais unha declaración de impacto ambiental, en ningún momento da vida deste proxecto, senón que só se fai unha Declaración de Efectos Ambientais- Pero resulta que o **Plan Hidrolóxico do Norte**, que como dixemos se aproba **o 24 de xullo de 1998** -antes da aprobación deste novo proxecto-, inclúe no seu **“DOCUMENTO Nº 3 – ANEJOS TOMO III ; Anejo nº 5 - Zonas de Protección Especial”** o **río Cerves dentro desta protección especial, sendo a súa protección como medio ambiental**. Os tramos de río que inclúen esta protección son dende o seu nacemento até a súa desembocadura, é dicir, todo o río se considera de especial protección salvo, como queda recollido neste documento, a excepción dos subtramos incluídos en zonas urbanas ou urbanizables. Nós en realidade non sabemos se este subtramo, si é que se pode definir así, onde se fixo o azud, canal de derivación, tubería forzada e demais elementos necesarios para o funcionamento da central, están ou estiveron en zona urbana ou urbanizable. Dende logo o medio do río, onde está o azud, non parece ser unha zona moi urbanizable que digamos. Nin sequera as tuberías que canalizan a auga que se desvía até a central, que seguen a discorrer nalgúns puntos por zonas de protección especial. Non o sabemos. Pero pedimos a fiscalía, que se ten a ben de ter en conta este caso, investigue sobre se isto é así ou non.

De todos xeitos o salientable do caso non é se se fixo en zona urbanizable ou non, que tamén, o que queremos deixar claro é que este proxecto de minicentral para aproveitamento hidroeléctrico consiste, basicamente, nunha retirada elevada de caudal do río para o seu aproveitamento hidroeléctrico. É dicir, se retira a auga do río. Dun río que ten unha protección especial. Dun río que ten unha protección especial medio ambiental provocando graves alteracións sobre todo o ecosistema fluvial, invertebrados acuáticos, peixes, anfíbios, réptiles, mamíferos, aves e vexetación, a maioría delas ademais, protexidas por diferentes lexislacións.

Queda claro pois, sexa o proxecto de construción en zona urbanizable ou non, o ataque patente a todo o ecosistema dun río protexido.

Como se recolle na páxina 31 do citado Plan Hidrolóxico do Norte, no seu “**DOCUMENTO Nº 3 – ANEJOS TOMO III** ; Anejo nº 5 - Zonas de Protección Especial”:

*“Este sistema combinado de categorías de calidad medioambiental y usos debe facilitar el seguimiento de los diferentes tramos, de los programas de mejora y recuperación, así como debe evitar que tramos de una elevada calidad puedan dedicarse a usos inapropiados que deterioren su estado.*

*La Xunta de Galicia, a través de las Delegaciones Provinciales de Lugo y Orense, Servicio de Medio Ambiente Natural, Consellería de Agricultura, Ganadería y Montes (ver apéndice 2), incorpora una larga lista de tramos de río que consideran imprescindible conservar por su alto valor piscícola.*

*Se hace constar, asimismo, que la relación no es más amplia por entender que no es posible abarcar todo el espectro fluvial, pero no por ello mengua el interés de los tramos no señalados.*

*En resumen, por haber sido consensuados con la Comunidad Autónoma de Galicia se consideran como tramos de interés medioambiental en el ámbito de este Plan Hidrológico los siguientes:*

- ...

- *Río Cerves, desde su nacimiento hasta su desembocadura en el río Miño.”*

Queda pois patente que o permiso dado, precisamente polas administracións, a este río é manifestamente ilegal, deteriorando con elo o seu estado e sen ningún tipo de programa de mellora ou recuperación para este río. Algo que inda se podería revocar coa incoación de caducidade da concesión ou expropiación forzosa da mesma. Para todo elo solicitamos se teña en conta e preste especial atención a todo o recollido no título 4, 7 e título 9 e posteriores do anexo I, que pedimos se considere tamén como parte fundamental desta denuncia (o resto de títulos deste anexo I, así como o anexo II, deberían considerarse tamén para unha completa interpretación da mesma) –hai que salientar que tódalas especies que aparecen recollidas na directiva hábitats e que se expresan no título 9 do Anexo I do que falamos, aparecen exactamente igual recollidas na **Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad**-.

Tendo en conta que a administración concedeu estas licenzas, solicitamos se teña en conta o **Código Penal**, aprobado mediante **Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro**, onde no seu **artigo 320** se expresa que:

**“Artículo 320.**

*1. La autoridad o funcionario público que, a sabiendas de su injusticia, haya informado favorablemente instrumentos de planeamiento, proyectos de urbanización, parcelación, reparcelación, construcción o edificación o la concesión de licencias contrarias a las normas de ordenación territorial o urbanística vigentes, o que con motivo de inspecciones haya silenciado*

la infracción de dichas normas o que haya omitido la realización de inspecciones de carácter obligatorio será castigado con la pena establecida en el artículo 404 de este Código y, además, con la de prisión de un año y seis meses a cuatro años y la de multa de doce a veinticuatro meses.

2. Con las mismas penas se castigará a la autoridad o funcionario público que por sí mismo o como miembro de un organismo colegiado haya resuelto o votado a favor de la aprobación de los instrumentos de planeamiento, los proyectos de urbanización, parcelación, reparcelación, construcción o edificación o la concesión de las licencias a que se refiere el apartado anterior, a sabiendas de su injusticia.”

Así mismo solicitamos se teña en conta o **artigo 319** deste mesmo **Código penal**:

**“Artículo 319.**

**1. Se impondrán las penas de prisión de un año y seis meses a cuatro años, multa de doce a veinticuatro meses, salvo que el beneficio obtenido por el delito fuese superior a la cantidad resultante en cuyo caso la multa será del tanto al triplo del montante de dicho beneficio, e inhabilitación especial para profesión u oficio por tiempo de uno a cuatro años, a los promotores, constructores o técnicos directores que lleven a cabo obras de urbanización, construcción o edificación no autorizables en suelos destinados a viales, zonas verdes, bienes de dominio público o lugares que tengan legal o administrativamente reconocido su valor paisajístico, ecológico, artístico, histórico o cultural, o por los mismos motivos hayan sido considerados de especial protección.**

2. Se impondrá la pena de prisión de uno a tres años, multa de doce a veinticuatro meses, salvo que el beneficio obtenido por el delito fuese superior a la cantidad resultante en cuyo caso la multa será del tanto al triplo del montante de dicho beneficio, e inhabilitación especial para profesión u oficio por tiempo de uno a cuatro años, a los promotores, constructores o técnicos directores que lleven a cabo obras de urbanización, construcción o edificación no autorizables en el suelo no urbanizable.

3. En cualquier caso, los jueces o tribunales, motivadamente, podrán ordenar, a cargo del autor del hecho, la demolición de la obra y la reposición a su estado originario de la realidad física alterada, sin perjuicio de las indemnizaciones debidas a terceros de buena fe. En todo caso se dispondrá el comiso de las ganancias provenientes del delito cualesquiera que sean las transformaciones que hubieren podido experimentar.

4. En los supuestos previstos en este artículo, cuando fuere responsable una persona jurídica de acuerdo con lo establecido en el artículo 31 bis de este Código se le impondrá la pena de multa de uno a tres años, salvo que el beneficio obtenido por el delito fuese superior a la cantidad resultante en cuyo caso la multa será del doble al cuádruple del montante de dicho beneficio.

Atendidas las reglas establecidas en el artículo 66 bis, los jueces y tribunales podrán asimismo imponer las penas recogidas en las letras b) a g) del apartado 7 del artículo 33.”

**Queda patente, por todo o relatado neste escrito, que o río Cerves tiña e ten recoñecido, administrativamente no ano 1997 (cando se aproba o proxecto construtivo) e de xeito**

totalmente legal no ano 1999 (cando se modifican todas as características deste proxecto construtivo, podendo considerarse como un novo proxecto), a consideración de especial protección, engadindo ademais que a licenza definitiva de apertura e de primeira ocupación non se concede até o mes de novembro do ano 2000 (anexo IV), tempo durante o cal todo este proxecto puido ser paralizado pola propia administración.

Queremos tamén facer mención a un posible delito contra os recursos naturais e o medio ambiente, atendendo a esta figura de protección especial que ten o río e atendendo, ademais, o que aparece recollido no título 4, 7 e título 9 e posteriores do anexo I que presentamos, debido ás figuras de protección que neles quedan recollidas sobre flora e fauna:

**“Artículo 325.**

***Será castigado con las penas de prisión de dos a cinco años, multa de ocho a veinticuatro meses e inhabilitación especial para profesión u oficio por tiempo de uno a tres años el que, contraviniendo las Leyes u otras disposiciones de carácter general protectoras del medio ambiente, provoque o realice directa o indirectamente emisiones, vertidos, radiaciones, extracciones o excavaciones, aterramientos, ruidos, vibraciones, inyecciones o depósitos, en la atmósfera, el suelo, el subsuelo o las aguas terrestres, subterráneas o marítimas, incluido el alta mar, con incidencia incluso en los espacios transfronterizos, así como las captaciones de aguas que puedan perjudicar gravemente el equilibrio de los sistemas naturales. Si el riesgo de grave perjuicio fuese para la salud de las personas, la pena de prisión se impondrá en su mitad superior.”***

Co agravante ademais que se contempla no artigo seguinte:

**“Artículo 326.**

***Se impondrá la pena superior en grado, sin perjuicio de las que puedan corresponder con arreglo a otros preceptos de este Código, cuando en la comisión de cualquiera de los hechos descritos en el artículo anterior concorra alguna de las circunstancias siguientes:***

- a. Que la industria o actividad funcione clandestinamente, sin haber obtenido la preceptiva autorización o aprobación administrativa de sus instalaciones.*
- b. Que se hayan desobedecido las órdenes expresas de la autoridad administrativa de corrección o suspensión de las actividades tipificadas en el artículo anterior.*
- c. Que se haya falseado u ocultado información sobre los aspectos ambientales de la misma.*
- d. Que se haya obstaculizado la actividad inspectora de la Administración.*
- e. Que se haya producido un riesgo de deterioro irreversible o catastrófico.*
- f. Que se produzca una extracción ilegal de aguas en período de restricciones.”*

Do mesmo xeito solicitamos que se depuren a nivel penal as responsabilidades das autoridades ou funcionarios públicos que informaron favorablemente sobre as licencias e permisos dados para esta explotación -coma por exemplo a que se pode observar na **páxina 26**

**do anexo I**, na que a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Xunta de Galicia informa en xaneiro de 1999, é dicir, cando este río ten perfectamente definida a súa condición de especial protección, favorablemente sobre as modificacións de tódalas características do aproveitamento, antes incluso de que este estea en funcionamento (documento firmado polo Director Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Francisco Pan-Montojo González, acusado xa, en febreiro de 2011, de prevaricación pola fiscalía de Medio Ambiente do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza polo informe favorable concedido a Ferroatlántica, que provocou a desecación da ferverza do Ézaro, desaparecendo o tramo final do río Xallas, tras un informe “manifiestamente injusto” segundo o fiscal especializado en medio ambiente, Álvaro García Ortiz, e que permitiu a empresa prescindir do caudal ecolóxico dende marzo de 2001). Tamén solicitamos que se depuren as responsabilidades sobre os informes favorables dados pola Confederación Hidrográfica do Norte do Ministerio de Medio Ambiente do Estado español-, tal e como queda recollido no **artigo 329 do Código Penal**:

**“Artículo 329.**

**1. La autoridad o funcionario público que, a sabiendas, hubiere informado favorablemente la concesión de licencias manifiestamente ilegales que autoricen el funcionamiento de las industrias o actividades contaminantes a que se refieren los artículos anteriores, o que con motivo de sus inspecciones hubiere silenciado la infracción de Leyes o disposiciones normativas de carácter general que las regulen, o que hubiere omitido la realización de inspecciones de carácter obligatorio, será castigado con la pena establecida en el artículo 404 de este Código y, además, con la de prisión de seis meses a tres años y la de multa de ocho a veinticuatro meses.**

**2. Con las mismas penas se castigará a la autoridad o funcionario público que por sí mismo o como miembro de un organismo colegiado hubiese resuelto o votado a favor de su concesión a sabiendas de su injusticia.”**

Por todo elo solicitamos se faga unha revisión exhaustiva do **título XVI do Código Penal** relativo ós **“DELITOS RELATIVOS A LA ORDENACIÓN DEL TERRITORIO Y EL URBANISMO, LA PROTECCIÓN DEL PATRIMONIO HISTÓRICO Y EL MEDIO AMBIENTE”** e se aplique, de selo caso, as sancións pertinentes. Solicitamos así mesmo que se preste atención ó **artigo 339** deste Código para a restauración do equilibrio ecolóxico perturbado a cargo do autor do feito, sexa este autor do feito a administración ou a empresa que finalmente explotou a concesión, dado que esa é a nosa máxima petición: a restauración das cousas o seu estado primitivo.

O **artigo 90 da Ley 9/2010, de 4 de noviembre, de aguas de Galicia**, di que:

*“Reparación del daño causado y reposición de las cosas a su estado primitivo.*

*1. Con independencia de las sanciones que se impongan, podrá exigirse a las personas infractoras la reparación de los daños y perjuicios ocasionados al dominio público, así como la reposición de las cosas a su estado anterior, y cuando ello no sea posible se fijarán las indemnizaciones que procedan.*

*2. La exigencia de reponer las cosas a su estado primitivo obligará a la persona infractora a destruir o demoler toda clase de instalaciones u obras ilegales y a ejecutar cuantos trabajos*

sean precisos para tal fin, de acuerdo con los planos, forma y condiciones que fije el órgano competente.

3. En aquellos supuestos en que se aprecie fuerza mayor o caso fortuito y no exista una infracción administrativa, pero en los que se produzca un daño al dominio público o a sus zonas de servidumbre y policía a causa del depósito o vertido de objetos, materiales o sustancias de cualquier clase, la persona causante del daño tendrá la obligación de reponer las cosas a su estado primitivo, lo que se concretará en la retirada del objeto, material o sustancia, así como en la reposición del medio natural afectado. Esta obligación de reponer en ningún caso tendrá la consideración de sanción.

4. La reparación del daño podrá tramitarse en un procedimiento administrativo distinto del sancionador.

5. Si la persona infractora o causante del daño no ejecuta las acciones necesarias para reparar el daño causado, se procederá a la ejecución subsidiaria, previo apercibimiento a la persona infractora y establecimiento de un plazo para la ejecución voluntaria. No será necesario el apercibimiento previo cuando de la persistencia de la situación pudiera derivarse un peligro inminente para la salud humana o el medio ambiente.

6. La obligación de reponer las cosas a su estado primitivo o de reparar los daños causados al dominio público prescribirá en un plazo de quince años.”

**A reparación do dano causado só se poderá lograr a través da incoación do expediente de caducidade de concesión ou expropiación forzosa.**

**Os fundamentos de dereito que son de aplicación neste caso, aparecen recollidos ó longo do presente escrito e nos seus anexos.**

**Por todo o exposto, solicito que, tendo por presentado este escrito, se admita e se teña por presentada a denuncia contra ENEL UNIÓN FENOSA RENOVABLES, S.A, Concellería de Medio Ambiente-Xunta de Galicia e Confederación Hidrográfica do Norte (hoxe en día do Miño-Sil)- Ministerio de Medio Ambiente do Goberno do Estado español, polos feitos descritos anteriormente.**

**En Ourense, a 11 de xaneiro de 2012**

**Asdo: Braulio Estévez Rodríguez**



**Asociación Ecoloxista Coto do Frade**